

ACTA NÚMERO: 18/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 30 DE MAIO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 30 de maio de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 23 de maio de 2024 (Reunión 17/2024).
2. Dar conta da oferta presentada pola Real Federación Galega de Fútbol no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo do partido de fútbol da Selección Galega contra a Selección de Panamá. (Expte.- 2024030230).
3. Dar conta da oferta presentada pola Federación Galega de Balonmán no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da execución do programa deportivo "Copa 5X5 Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2024018029).
4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Castro Pagola Art Consulting, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do comisariado xeral da bienal de arte de Pontevedra. (Expte.- 2024007560).
5. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettap da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).
6. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2024018839).
7. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios de xuízo de valor, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2024018839).
8. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO). (Expte.- 2024018693).
9. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios de xuízo de valor, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO). (Expte.- 2024018693).



Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto a Presidenta como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 23 de maio de 2024 (Reunión 17/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 23 de maio de 2024 (Reunión 17/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola Real Federación Galega de Fútbol no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo do partido de fútbol da Selección Galega contra a Selección de Panamá. (Expte.- 2024030230).

Por Resolución Presidencial número 2024004161, de data 20 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do partido de fútbol da Selección Galega contra a Selección de Panamá, cun valor máximo estimado de 36.300,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á Real Federación Galega de Fútbol (G15055890), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 20/05/2024.

A Real Federación Galega de Fútbol (G15055890) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

| | |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 30.000,00 € |
| IVE (21 %) | 6.300,00 € |
| Importe ofertado con IVE | 36.300,00 € |



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Real Federación Galega de Fútbol (G15055890), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio deportivo do partido de fútbol da Selección Galega contra a Selección de Panamá.

3. Dar conta da oferta presentada pola Federación Galega de Balonmán no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da execución do programa deportivo "Copa 5X5 Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2024018029).

Por Resolución Presidencial número 2024004253, de data 23 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da execución do programa deportivo "Copa 5X5 Deputación de Pontevedra", cun valor máximo estimado de 36.000,00 €, exento de IVE.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á Federación Galega de Balonmán (G36690832), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 23/05/2024.

A Federación Galega de Balonmán (G36690832), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

| | |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 36.000,00 € |
| IVE (0 %) | 0,00 € |
| Importe ofertado con IVE | 36.000,00 € |

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Federación Galega de Balonmán (G36690832), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da execución do programa deportivo "Copa 5X5 Deputación de Pontevedra".

4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Castro Pagola Art Consulting, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do comisariado xeral da bienal de arte de Pontevedra. (Expte.- 2024007560).

Por Resolución Presidencial número 2024004169, de data 20 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen



publicidade e exclusividade, do comisariado xeral da bienal de arte de Pontevedra, cun valor máximo estimado de 42.500,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á Castro Pagola Art Consulting, S.L. (B70862115), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), sendo incorporada ao expediente con data 29/05/2024.

A empresa Castro Pagola Art Consulting, S.L. (B70862115) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

| | |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 35.123,97 € |
| IVE (21 %) | 7.376,03€ |
| Importe ofertado con IVE | 42.500,00€ |

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Castro Pagola Art Consulting, S.L. (B70862115), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do comisariado xeral da bienal de arte de Pontevedra

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettetap da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024003467 de data 26/04/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettetap da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/04/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 16/05/2024 procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitida a seguinte empresa:



- EDNON S.L. (CIF: B36938009)

A Mesa de Contratación na reunión do día 16 de maio de 2024 tamén procedeu á efectuar a apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentado pola única empresa que resultou admitida, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Recibido informe do Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías de data 21/05/2024 (csv: 33AWOAL6KPMJZ5IJ) a Mesa de Contratación, na reunión do día 23/05/2024 prestou conformidade ás puntuacións acadadas en base ó citado informe, e procedeu á apertura electrónica do sobre “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, da empresa que resultou admitida e que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados pola empresa Ednon S.L. foron os seguintes:

| | |
|-------------------------|-------------|
| Importe sen o IVE: | 23.500,00 € |
| IVE (21 %): | 4.935,00 € |
| Importe total ofertado: | 28.435,00 € |

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a puntuación que obtén a empresa Ednon S.L. no sobre “C” é de 2,55 puntos.

A puntuación total do sobre “B” máis o sobre “C” é de 33,55 puntos.

A Mesa de contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para a contratación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettap da Deputación de Pontevedra, que queda da seguinte forma:

| Clasificación | Empresa | Sobre B (Máx. 40 puntos) | Sobre C (Máx. 60 puntos) | Puntuación total |
|---------------|------------|--------------------------------|--------------------------------|---------------------|
| 1ª | EDNON S.L. | 31,00 | 2,55 | 33,55 |

A Mesa de Contratación comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 2441 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba



en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa EDNON S.L.(B36938009) polo prezo e valores ofertados por dita empresa, que é o seguinte:

| | |
|-------------------------|-------------|
| Importe sen o IVE: | 23.500,00 € |
| IVE (21 %): | 4.935,00 € |
| Importe total ofertado: | 28.435,00 € |

6. ***Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2024018839).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de maio de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.*

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de maio de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación do sobre “A”, correspondente á documentación administrativa, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte empresa:

- RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)

7. *Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2024018839).*

O Secretario comenta que a Mesa de Contratación, na reunión do día 30 de maio de 2024, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, da única empresa presentada e admitida, e que é a seguinte:

- RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B”, correspondente á documentación técnica presentada pola única empresa admitida neste procedemento.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a referida documentación ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, para que emita informe de avaliación de conformidade cos criterios de adxudicación non automáticos establecidos nos pregos reguladores.

8. *Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO). (Expte.- 2024018693).*



O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de maio de 2024, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “Servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO)”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 10 de maio de 2024, aparecendo publicado o día 13 de maio de 2024 (Anuncio de licitación 92/2024). Así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de maio de 2024; na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- UTE Eficiencia Energética de Galicia SLU (NIF: B70266010) - Valora Consultores de Gestión S.L. (NIF: B15829443).
- R2M Solution Spain S.L. (NIF: B87348470).
- UTE Senda Sostenible SL (NIF: B06967236) - Impact Hub SLU (NIF: B85461572) - Creara Consultores SL (NIF: B84433424).
- Sertogal, S.L. (NIF: B32164782)

9. *Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO). (Expte.- 2024018693).*



O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 30 de maio de 2024 procedeu a apertura da documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO). As empresas admitidas foron as seguintes:

- UTE Eficiencia Energética de Galicia SLU (NIF: B70266010) - Valora Consultores de Gestión S.L. (NIF: B15829443).
- R2M Solution Spain S.L. (NIF: B87348470).
- UTE Senda Sostenible SL (NIF: B06967236) - Impact Hub SLU (NIF: B85461572) - Creara Consultores SL (NIF: B84433424).
- Sertogal, S.L. (NIF: B32164782)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor da única empresa que achega oferta á licitación.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Cooperación, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e quince minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

